

A previsión de datas de execución é a que segue:

CALENDARIO DE EXECUCIÓN


MARZO		
MARTES	MÉRCORES	XOVES
18 marzo 2025 4°C (G1) Adrián	19 marzo 2025 4°C (G2) Leti	20 marzo 2025 4°B (G1) Pilar
25 marzo 2025 4°B (G2) Marta	26 marzo 2025 1°A (G1) Celia	27 marzo 2025 1°A (G2) Milena
ABRIL		
MARTES	MÉRCORES	XOVES
1 abril 2025 1°B (G1) Sara	2 abril 2025 1°B (G2) Beni	3 abril 2025 2°A (G1) Adrián
8 abril 2025 2°A (G2) Pilar	9 abril 2025 2°B (G1) Leti	10 abril 2025 2°B (G2) Marta
22 abril 2025 4°A (G1) Milena	23 abril 2025 4°A (G2) Celia	24 abril 2025 3°A (G1) Sara
29 abril 2025 3°A (G2) Adrián	30 abril 2025 3°B (G1) Beni	
MAIO		
MARTES	MÉRCORES	XOVES
6 maio 2025 3°B (G2) Marta		

Este calendario é só orientativo e pode ser susceptible de modificacións debido a outras actividades que acontezan no centro.

Se tedes algunha dúbida ou precisades axuda con este proceso, non dubidedes en consultar a calquera membro do equipo de Polos Creativos ou a persoa coordinadora de Polos (Beni) ou á coordinadora de EDLG (Celia). Achegamos tamén outra información sobre en que consiste o obradoiro por se queredes afondar un pouco máis nel.

En que consiste o obradoiro?

O obradoiro consiste nunha actividade na que o alumnado creará frases conmemorativas para o “photocall” das Letras Galegas empregando ferramentas dixitais. Todas as frases deseñadas serán impresas e pegadas no “photocall”, que servirá como elemento decorativo e representativo da celebración das Letras Galegas no centro educativo.

Obxectivos

1. Fomentar a creatividade e a expresión escrita a través do deseño dixital de frases conmemorativas para o “photocall”, das Letras Galegas.
2. Mellorar a competencia dixital do alumnado mediante o uso dunha ferramenta específica de deseño de software libre dispoñible na aula virtual.
3. Promover o uso da lingua galega a través da creación de mensaxes inspiradoras relacionadas coa cultura e literatura galega.
4. Facilitar a aprendizaxe autónoma e colaborativa, permitindo que o alumnado de 5º e 6º de EP desenvolva o seu propio deseño e xestione a entrega do traballo de forma organizada.
5. Optimizar os recursos tecnolóxicos do centro, establecendo un sistema eficiente de subida e impresión dos deseños.

Contidos

- **Competencia dixital aplicada ao deseño**
 - Uso básico da ferramenta dixital de software libre dispoñible na aula virtual.
 - Importancia da organización e planificación no deseño gráfico.
 - Formatos de arquivo e boas prácticas para a correcta subida e impresión dos traballos.
- **Expresión escrita e creatividade**
 - Elaboración de frases significativas e vinculadas ás Letras Galegas.
 - Importancia da mensaxe visual e textual na comunicación.
 - Planificación do deseño en papel antes da súa versión dixital.
- **Procedemento para a entrega dos traballos**
 - Visualización do videotutorial na aula para coñecer o funcionamento da ferramenta.
 - Creación dos deseños en formato dixital.
 - Subida dos deseños en formato dixital. (Só no caso de 5º e 6º)
 - Normas de nomeado dos arquivos para unha correcta identificación. (Só no caso de 5º e 6º)

Este obradoiro pretende combinar habilidades tecnolóxicas, creatividade e expresión escrita en galego, permitindo ao alumnado participar activamente na celebración das Letras Galegas.